
Pyrus pyraster (L.) Burgsd., 1787

- pereira brava, espiño, catapereiro, perilloteiro, perulleiro
- peral silvestre, perojo, peruyero, peruétano, piruétano
- udare basatia, udare basoko
- perera borda, perer bord
- european wild pear
- pereira brava, pereira silvestre



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Pyrus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte arbóreo. Pode acadar os 10 metros de altura. Árbore caducifolia. Tronco recto. Codia cor gris escuro e agretada. Follas alternas, de forma ovalada ou elíptica, con marxes dentadas, de cor verde brillante e pálidas no envés. Posúe flores brancas duns 2-3 cm dispostas en pequenos acios. Florece nos meses de abril e maio. Os froitos son verdes e amarelentos, pálidos ao maduraren, duns 2-4 cm.

HÁBITAT

Crece en bosques claros e praderias arbustivas. Solos calcareos ou margosos, cunha boa drenaxe. Habita en zonas solleiras e de semisombra.

DISTRIBUCIÓN

Distribúese por Europa e Asia occidental. É autóctona da Península Ibérica, onde aparece máis comunmente na metade norte e zonas de media montaña, ata os 800 metros.

CURIOSIDADES

Os seus froitos non son comestibles, en cambio, son tradicionalmente empregados na elaboración de licores e augardentes.